

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE LOTES NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO 2” COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 2 – IMPRESIÓN DIXITAL- RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO.**

**Examen dcoumentación acreditativa dos requisitos para contratar**

Sendo as 13,00 horas do día 12 de maio de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais, Dona Esther Muñoz Mella , don Angel Trabada Gomez polo grupo do Partido Popular, Dona Paz Abraira Sobrado polo grupo do BNG, Don Marcial Rodríguez Toajas, pola Intervención Municipal, dona María García Ferro Vicesecretaria do Concello en representación da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez , técnico de administración xeral do Servizo de Contratación , Aprimonio e Fomento

Abre a sesión a Sra. Presidenta da mesa e procédese por parte da Secretaria a informar ós membros da Mesa da presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para poder contratar achegada por parte das empresas Asociación de Fabricación, Reparación, Alquiler y Venta de Automóviles y afines, componentes y accesorios de la Provincial de Lugo - APREVAR - ( lotes 1 e 3) e ASIN LUCENSE ( lotes 4 e 6) así como documentación complementaria aclaratoria da capacidade presentada por esta última.

Concretamente respecto a ASIN LUCENSE S.L. existen dúbidas sobre se, á vista do obxecto social da escritura pública, conta con capacidade para poder ser adxudicataria deste contrato. Concretamente a escritura dí “ *Constituye el objeto social la enseñanza, asesoramiento y prestación de servicios de informática, así como la venta de máquinas y material de oficina e informática*”

A empresa manifesta que a referencia á “enseñanza” non vai unida á informática senón que é ensinanza xeral. Achega documentación que acredita que sí vén prestando servizos de ensinanza en outros ámbitos distintos á informática.

A este respecto sinalar que a doutrina vén entendendo que non ten por qué existir identidade na definición do obxecto social dunha empresa coas prestacións obxecto do contrato e que se debe realizar unha interpretación do obxecto social en termos amplos sempre que se poda realizar esta interpretación do contido material do obxecto social definido na escritura de constitución.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/atm

Refº: ACTA EXAMEN CUMPLIMIENTO REQUISITOS PARA PODER CONTRATAR

Asunto: ACTA EXAMEN CUMPLIMINETO REQUISITOS PARA PODER CONTRATAR

En consecuencia a Mesa acorda aceptar a capacidade da empresa ASIN LUCENSE para poder realizar as prestacións obxecto do contrato ( Lote 4: operacións básicas de cátering e Lote 6: operacións básicas de restaurante e bar)

Por outra banda, a empresa APREVAR resultou seleccionada para a realización dos lotes 1 (atención sociosanitaria a persoas no domicilio) e lote 3 (coidador/a de persoas dependentes e enfermas de alzheimer) e presenta no prazo correspondente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para contratar, xurdindo a dúbida de se conta con capacidade á vista do obxecto social descrito nos Estatutos.

Así, o ámbito da asociación conforme o artigo 4 é "*actividades economicas comprendidas en las de fabricación, reparación, venta y alquiler de vehículos, accesorios, herramientas, componentes, motonáutica, aeronáutica y **cualquier otra actividad relacionada con el sector del metal en general incluyendo cualquier actividad que pudiera estar autorizada***"

Os membros da mesa entenden que dentro do seu obxecto social non se inclúen as actividades de formación específica definida en cada un dos lotes ós que concorre , que polo seu contido nada ten que ver co sector do metal.

A non aceptación da capacidade suporía a exclusión do procedemento polo que dado que nada se establece nos pregos de cláusulas administrativas a **Mesa entende procedente conceder un prazo de tres días hábiles para que subsane esta falta de capacidade e no caso de que non se atenda este requirimento de subsanación se proceda inmediatamente a requirir a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para contratar á seguinte empresa na orde que quedarán clasificadas, esto é, a empresa Asociación de familiares e enfermos de alzheimer e outras demencias de Lugo - AFALU.**

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13.30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tamarés Martínez